

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

4.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS PEONÍS E RODADURA EN DIVERSAS RÚAS. EXPTE. 2501/440.

Visto o informe de fiscalización do 6.11.14. dáse conta do informe-proposta de data 31.10.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación celebrada o 30-10-2014, adoptou o seguinte acordo:

7.- Proposta de adxudicación

a) *Procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: subida á Madroa e na rúa Manuel Costas Bastos; subida mouteira en Bembrive e rúa Seixo en Beade; rúas Rotea de abaixo, Gandarón, camiño Fermín e Bagunda; rúa Santa Mariña; camiño fondo en Castrelos e humanización da rúa Pedreira (expediente 2501-440)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: subida á Madroa e na rúa Manuel Costas Bastos; subida mouteira en Bembrive e rúa Seixo en Beade; rúas Rotea de abaixo, Gandarón, camiño Fermín e Bagunda; rúa Santa Mariña; camiño fondo en Castrelos e humanización da rúa Pedreira (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do extraordinaria e urxente do día 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

"(...) Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de

MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA (expediente 2501-440), no seguinte orde decrecente:

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	87,97
2	CONSTRUCCIONES VALE, S L	85,79
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	85,62
4	UTE ACEVI, S L-MONTAJES J.M. IGLESIAS, S L	84,91
5	ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S A	83,16
6	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S A	82,35
7	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S L	80,69
8	NAROM S L	79,84
9	COPCISA, S A	79,50
10	CIVIS GLOBAL, S L	79,29
11	HIDROMIÑO, S L	70,44
12	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	69,69
13	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S L (ORESA S L)	68,63
14	NATURGALIA	68,61
15	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	62,68
16	HORDESCON S L	54,86

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 930,94 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 24 de outubro de 2014, dentro do

prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 30 de outubro de 2014, se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes do xefe de Área de Fomento de data 22-09-2014, 25-09-2014 e 09-10-2014, valorando os criterios non avaliábeis mediante fórmula, avaliábeis mediante fórmula e establecendo a puntuación final, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: subida á Madroa e na rúa Manuel Costas Bastos; subida mouteira en Bembrive e rúa Seixo en Beade; rúas Rotea de abaixo, Gandarón, camiño Fermín e Bagunda; rúa Santa Mariña; camiño fondo en Castrelos e humanización da rúa Pedreira(expediente 2501-440) por un prezo total de 265.281,07 euros (IVE incluído), sendo os prezos de execución de cada un dos proxectos (IVE incluído) os seguintes:

- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en Subida á Madroa e na rúa Manuel Costas Bastos: 45.753,59 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en Subida Mouteira en Bembrive e rúa Seixo en Beade: 60.766,50 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en rúas Rotea de abaixo, Gandarón, camiño Fermín e Bagunda-Lavadores: 121.533 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en Santa Mariña-Cabral: 21.447 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura encamiño fondo en Castrelos: 35.745 euros.*
- Humanización da rúa Pedreira-Fase II: 35.745 euros.*

Oferta así mesmo un incremento do prazo de garantía de 108 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e catro de novembro ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.